



**Astº.: Certificado de exposición pública e do seu resultado**  
**Refª.: Orzamento do exercicio de 2015**

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA :

Que segundo se desprende do expediente do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2015 aprobado inicialmente mediante acordo plenario adoptado en sesión do 25 de novembro de 2014, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resultan, respecto da súa exposición pública tras a aprobación inicial, e resultado, os extremos seguintes:

**1º.** Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 236, do 10 de decembro de 2014, apareceu inserto o anuncio da aprobación inicial do dito Orzamento, anuncio no que se inclúe o outorgamento do prazo de quince días hábiles (desde o primeiro, tamén hábil, ao da dita publicación) para exame do expediente e presentación de reclamacións polos interesados e motivos que citan os apartados 1 e 2 do art. 170 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**2º.** Que, copia dese anuncio, inseriuse, na mesma data da precitada publicación, no Taboleiro de anuncios do Consorcio, debidamente dilixenciado incluíndose o prazo correspondente segundo consta naquel.

**3º.** Que en consideración á data de publicación citada no apartado 1º da presente, o prazo de quince días indicado nese apartado transcorreu, desde o día once de decembro de dous mil catorce (11.12.2014) ata o día 29 de decembro de dous mil catorce (29.12.2014), incluídos os días de inicio e fin citados.

**4º.** Que durante o prazo ao que se fai mención no apartado precedente, non consta presentado no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos desta Entidade, nin por remisión ou entrega por outros medios a esta Secretaría (Fax, correo electrónico, sede electrónica) documento ningún de reclamación ou alegación contra dito Orzamento ou o seu expediente, incluída a relación dos Postos de Traballo e o propio acordo de aprobación inicial.

E, para que así conste e na unión co referido expediente, xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente en Carballo, a trinta de decembro de dous mil catorce.

**Asdo. e pr.**  
**O presidente,**

Asdo. Luis Menor Pérez

